

Paseniño Paseniño vou facendo o Camiño

As rutas para chegar á escola

Primeiras actividades no panel da entrada: dende o luns 8 de xaneiro

Na zona da entrada sitúase un tapiz de feltro que representa un plano das rúas e a escola, sobre el cada neno/a ten a súa foto situada na rúa onde vive, así pode orientarse para colocar a súa casa e seleccionar a forma de chegar á escola.

Xunto o panel hai unha caixa na que se atopan clasificadas as siluetas que se colocan no panel: Comezaremos por colocar a **Casa** ao lado da foto.

O panel é unha representación orientativa que utiliza como referencia **A TORRE**, a **AVENIDA DE HÉRCULES**, **A ZONA DA PRAIA-PASEO MARÍTIMO** e todo o que está fóra deste entorno chega simbólicamente voando..a través da **GAIVOTA**.

